



Vide con síntomas de flavescencia dourada (Foto: Estación Fitopatoloxía de Areiro)

4 Medidas de erradicación para operadores profesionales dentro das zonas demarcadas.

(viveiros, garden centers, centros de distribución, almacéns, etc)

1. **Inmovilización cautelar** do material vexetal de *Vitis spp.* ata a súa inspección oficial.
2. **Aplicación dun tratamento insecticida** autorizado e rexistro escrito desa aplicación.
3. **Destrución do lote** onde fose identificada a planta ou plantas infectadas.
4. Se hai plantas portadoras pero asintomáticas, **deberán ser inmediatamente eliminadas**, salvo que sexan analizadas e atopadas libres.
5. **Instalación de trampas cromotrópicas** amarelas e inspección semanal para decidir os tratamentos fitosanitario.
6. **Inspección das plantas do xénero *Vitis spp.*** presentes no almacén ou centro de distribución. Se hai novas deteccións en novos lotes de plantas (máis de 2) estudarase a posibilidade de destruír todas as plantas de *Vitis spp.* do almacén ou ben analizalas todas.
7. **Eliminación das plantas silvestres do xénero *Vitis spp.*** e daquelas plantas que puidesen ser portadoras da enfermidade (*Ailanthus altissima*, *Alnus glutinosa* e *Clematis sp.*, etc.) que estean a unha distancia inferior a 10 metros dos campos de vide, viveiros, centros de xardinería, centros de distribución ou almacéns que conteñan material vexetal de *Vitis spp.* existentes na zona demarcada.



MÁIS INFORMACIÓN

No caso de sospeita da presenza da enfermidade, notifícalo á autoridade competente de sanidade vexetal aos seguintes contactos:

SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE PONTEVEDRA

explotacionsagrarias.cmr.pontevedra@xunta.gal

T: 986 805 446 / 886 206 547

SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE OURENSE

sea.cmr.ourense@xunta.gal

T: 988 386 687 / 988 386 571

SERVIZO DE SANIDADE E PRODUCCIÓN VEXETAL SANTIAGO DE COMPOSTELA

sspv.cmr@xunta.es

T: 881 997 443 / 981 540 060

SERVIZO EN CAMPO-TRAGSATEC

T: 699 031 725



Vide con síntomas de flavescencia dourada (fonte: EPPO, Dr. Federico Bondazi)

Flavescencia dourada da vide

MEDIDAS DE ERRADICACIÓN NAS ZONAS DEMARCADAS

Flavescencia da vide

1 Antecedentes

A Flavescencia dourada da vide é unha enfermidade de corentena causada por un fitoplasma que provoca graves danos no cultivo da vide. A principal vía de transmisión da enfermidade é a través do cicadélico *Scaphoideus titanus*.

No ano 2022 foi declarada en Galicia unha zona tampón que abrangía algunhas parroquias dos seguintes concellos limítrofes con Portugal: Arbo, A Cañiza, Crecente, As Neves, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Tomiño e Tui na provincia de Pontevedra, e Padrenda na Provincia de Ourense.

A día de hoxe os datos de seguimento da presenza deste organismo nocivo mostran a presenza do organismo de corentena en plantas infectadas situadas en varias parcelas da zona demarcada.

Por este motivo, o día 2 de febreiro de 2023 publícase no DOG núm. 23 a **RESOLUCIÓN do 20 de xaneiro de 2023, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se declara a presenza da praga de corentena denominada Flavescencia dourada da vide, se establece a zona demarcada para esta praga e se adoptan medidas urxentes para a súa erradicación e control na Comunidade Autónoma de Galicia.**

Os concellos e parroquias afectadas poderán comprobarse de forma actualizada na web oficial: <https://mediorural.xunta.gal/es/temas/agricultura/sanidad-vegetal/organismos-nocivos-de-cuarentena>



Scaphoideus titanus. Insecto vector da flavescencia dourada (Foto: Estación Fitopatolóxica do Areiro)

2 Síntomas nas plantas infectadas

Os mellores meses para visualizar os síntomas son **os comprendidos entre finais de xullo e finais de agosto**, pero dende que a planta está infectada poden tardar en aparecer ata un ano. Estes síntomas poden confundirse con outras alteracións, polo que a patoloxía deberá ser confirmada por técnicas moleculares.

- **Atraso** no agromado.
- **Mortalidade** total ou parcial das cepas.
- **Ausencia de produción**: os acios sécanse e non chegan en ningún caso para madurar.
- **Enrolado de follas** cara ao envés.
- Disposición das follas dentro do sarmento **en forma de tellas** ou **escamas** de peixe.
- **Coloración vermella** ou **amarela** das follas, segundo trátase de variedades tintas ou brancas.
- **Falta total de agostamento** dos sarmentos.
- Os sarmentos toman **porte desmaiado**, coma se fosen de goma, dando á cepa un aspecto chorón.

3 Medidas de erradicación para viticultores dentro das zonas demarcadas

1. Os titulares das parcelas con plantas infectadas ou con insectos adultos de *Scaphoideus titanus* Ball deberán **aplicar o antes posible un tratamento insecticida** autorizado a todas as plantas da parcela.
2. As plantas infectadas e sintomáticas de Flavescencia dourada **deberán ser arrincadas e destruídas baixo control oficial** o antes posible e, como máis tardar, antes do comezo da seguinte tempada de crecemento. Esta destrución realizarase por incineración ou asfelado. O traslado deberase efectuar de maneira segura para evitar a propagación da enfermidade.
3. Se na parcela afectada hai **máis dun 20 % de plantas sintomáticas non agrupadas, arrincarase e destruírse toda a parcela**. Se é unha plantación abandonada, destruírse toda a plantación. Estas destrucións realizaranse sempre baixo control oficial o antes posible e, como máis tarde, antes do comezo da seguinte tempada de crecemento.



Zona demarcada de flavescencia dourada en Galicia

- ▲ MOSTRA VEXETAL POSITIVA A FLAVESCENCIA D.
- NOVA ZT GALICIA 2023
- PARROQUIAS AFECTADAS